

Normas especiais para a serie USC Editora. *Textos*

Ademais das normas xerais descritas, de aplicación nas partes do texto onde sexa posible, os orixinais destinados á serie *Textos* deberán atermos no posible á seguinte estrutura.

Introdución, que abarcará

- No caso de obras de autores pouco coñecidos, o primeiro apartado da edición incluírá unha breve descrición biobibliográfica. En troques, cun autor de primeira liña (Cervantes, Rosalía, Shakespeare ou Goethe) prescindirase deste apartado.
- Principais aspectos histórico-literarios e culturais da obra editada, segundo o bo criterio do editor.
- Nunha *Noticia bibliográfica* farase unha relación e breve descrición dos principais testemuños manuscritos e impresos da obra editada, así como un catálogo das máis destacadas edicións modernas. Se achega elementos de interese, incluírase así mesmo unha sucinta historia dos textos, particularmente no caso dos manuscritos ou de impresos de exemplar único. Polo demais, a filiación dos testemuños, obrigada nas edicións críticas, é recomendable en todos os demais casos.
- Nun apartado de *Criterios de edición*, o editor declarará a súa metodoloxía ecdótica e o texto ou textos tomados como base da edición. Para obras anteriores ao século XX, pecharase esta sección cos criterios ortográficos adoptados.
- A *Bibliografía* selecta sobre o autor e a obra excluírá as referencias da Noticia bibliográfica previa. Estas seccións bibliográficas piden que o sistema de referencias na introdución e nas notas sexa o modelo Harvard [Apelido de autor (ano)], no canto do tradicional de desenvolvero ítem no pé de páxina.

Edición anotada do texto

- Nas notas comentaranse, da maneira máis concisa e sobria posible, todos aqueles aspectos necesarios para a comprensión e interpretación da obra, desde o punto de vista lingüístico, literario, histórico e cultural.

Aparato crítico

- O aparato de variantes, só necesario no caso das edicións críticas, irá consignado na parte final da edición. Nas obras poéticas remitirase ao verso ou versos correspondentes á variante; en prosa, á páxina e liña. Se o aparato crítico é moi extenso, considerarase de maneira preferente a posibilidade de editalo nun CD-ROM.